

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA SUBSTITUCIÓN DE PORTAS E VENTÁS DO FOGAR DO TRANSEÚNTE, PARA MELLORAR TANTO O ASPECTO COMO O ILLAMENTO DO EDIFICIO MUNICIPAL.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 44-2021, por un importe total de 13.628,45 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da substitución de portas e ventás do Fogar do Transeúnte, para mellorar tanto o aspecto como o illamento do edificio municipal.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2021/1699 de data 24/10/2021, así como RCMOD: 2021/74776 de data 21/10/2021, por importe de 13.628,45 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 13.628,45 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE INCREMENTAN CRÉDITO	C.P.	IMPORTE €
23183.22799	13.628,45 €	23183.63200	21XX00015	13.628,45 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	13.628,45 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		13.628,45 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac5345738825141343238.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 44-2021 Fogar do Transeúnte

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.